




# O PAPAGAIO

Director: Abraham Carreiro

O XORNAL DA XENTE MIÚDA

Número 9, Ano 4 / Xuño de 2020

## DAS DÚAS DIMENSIONS Á REALIDADE VIRTUAL



Dende que se creou o primeiro videoxogo, hai uns setenta anos, ata a actualidade, a evolución foi inmensa.

Pasamos de xogar en dúas dimensións, en branco e negro, contra a máquina, a xogar contra medio planeta, en rede, en mundos metade ficción, metade realidade.

Páxina 9




**A PÍNTEGA RABILONGA, UN ANIMAL PREHISTÓRICO**

Páxina 7



**A SUBIDA DO MAR DÉIXANOS SEN PRAIAS**

Páxina 3



**CREA SOMBRAS COAS PEZAS LUPO**


Páxina 11






## AS PRAIAS DE AREA


Ola, son unha praia e estou un pouco preocupada por unha noticia que acabo de ler nesta revista que trouxo o vento.




Un equipo científico recolleu imaxes da Terra gravadas por un satélite durante 30 anos. E observaron como o nivel do mar subía un pouco cada ano. Grazas a iso, poden prever como serán as costas do planeta no futuro.



Non só servimos para que veñades tomar o sol. Tamén somos o fogar de moitas especies vexetais e animais que non poden vivir noutro ambiente.



Di que, se continúa o cambio climático, o 50% das praias de area do planeta desapareceremos baixo o mar antes de acabar este século, como consecuencia do desxeo dos polos.




As praias de area ocupamos o 30% da costa de todo o mundo e ao noso carón vive o 44% da poboación mundial.



Se as emisións de gases de efecto invernadoiro se reducisen, frearíase moito a subida do mar e as praias teriamos a oportunidade de seguir existindo.





### XERADOR DE ELÉCTRICIDADE SUBTERRÁNEO

OS COSCOBELLOS RECOLECTARON APARELLOS ELÉCTRICOS EN DESUSO PARA RECICLALOS E CONSTRUIR CON ELES UN XERADOR DE ELÉCTRICIDADE DE GRAN POTENCIA, CAPAZ DE ABASTECER DE LUZ TODA A POBOACIÓN.

O XERADOR CONSTRUIRONO BAIXO TERRA, E, A TRAVÉS DUNS CABLES CONDUTORES SUBTERRÁNEOS, ENVÍAN A ELÉCTRICIDADE A TODAS AS CASAS. DESTA MANEIRA EVITAN QUE AS AVES CHOQUEN CONTRA OS CABLES DE ALTA TENSIÓN QUE COLGAN POLO AIRE E RECIBAN DESCARGAS ELÉCTRICAS OU MANQUEN AS AS.

ESTE INVENTO PERMITIULLE AOS COSCOBELLOS TRANSFORMAR OS ANTIGOS POSTES DE FERRO QUE SUSTENTABAN OS CABLES ELÉCTRICOS EN ÁREAS DE DESCANSO E LECER PARA AVES. ASÍ, FAVORECEN A CRIANZA E ORIXINAN UNHA CONTORNA FAVORABLE PARA A VIDA DA FAUNA AVIAR.

## POR QUE DAN LUZ OS VAGALUMES?

A luz fluorescente que desprenden os vagalumes fórmase no seu abdome. Prodúcese despois dunha reacción química entre o oxíxeno e unha substancia chamada luciferina, que tamén teñen outros animais como os peixes abisais.

Crese que a luz ten dúas finalidades. Por unha banda, para utilizala como arma defensiva e evitar seren atacados. A luz asusta os predadores e advírtelles da mala elección que supón inxerir un becho desas características.

Ademais, no caso de sufrir un ataque, a substancia que provoca a luz sabe mal e é indixesta. Pola contra, esa luminosidade tamén pode atraer os predadores, xa que na noite os vagalumes son máis visibles.




Curiosamente, as larvas e os ovos dos vagalumes tamén brillan na escuridade.



Pero ademais de utilizar a luz como mecanismo de defensa, crese que os vagalumes tamén a utilizan como forma de comunicación sexual.



É un sinal de cortexo, tanto nos machos como nas femias.



O que a ciencia aínda non sabe, é como estes insectos acenden ou apagan a luz ao seu antollo.

Entrevista con José Diéguez,  
Escola Prado Surf  
www.pradosurfescola.com

## “O SURF É UN DOS DEPORTES MÁIS SEGUROS ESTE VERÁN”

Pódese facer surf este verán?

Si, é un dos deportes máis seguros para non contaxiarse de coronavirus! É ao aire libre, individual e practícase en auga salgada, onde parece que o virus non pode vivir. E ademais, a calor da praia parece que tampouco lle senta ben ao virus.

Entón, as escolas de surf están abertas para quen queira ir?

Si, hai que ter máis precaucións que outros anos, pero xa temos todo preparado para recibir os nenos quen teñan ganas de pasalo ben e facer actividades no mar.

Cales son as precaucións que hai que ter?

Pois os grupos son de 12 persoas como máximo, nas clases mantemos a distancia de seguridade de 2 metros, é obrigatorio a máscara ata antes de entrar na auga, dentro das instalacións da escola, os nenos teñen que seguir un percorrido marcado... tamén lles propoñemos que traian o traxe de neopreno da casa e se non o teñen, debido a situación do coronavirus, estamos a vender uns de segunda man, desinfectados, moi baratos.

Poden ir nenos e nenas de todas as idades?

A partir de 5 anos poden vir. O único que pedimos é que saiban nadar e que teñan ganas de aprender. O surf poden practicalo persoas de todas as idades.


Na escola Prado Surf tamén organizades campamentos...

Empezan a finais de xuño. Son campamentos multiaventura. Ademais de surf, practicamos paddle-surf, kayak, bici, xogos de orientación... E estamos organizando algún campamento onde os nenos van poder quedar a durmir nalgunha praia especial da costa galega.

Onde podemos atoparvos?


Nas praias da Lanzada (O Grove), Patos (Nigrán), Bastiagueiro (Oleiros) e Sabón (Arteixo).

ABRAHAM CARREIRO



# FAI ESCULTURAS CON PIERROT

## ESCULTURAS DE AREA



SE QUERDES EXPOÑER AS VOSAS OBRAS NO FACEBOOK DO PAPAIAO SÓ TEDES QUE FOTOGRAFALAS E ENVIALAS AO ENDEREZO ELECTRÓNICO: XORNALOPAPAIAO@MAIL.COM

# REFUXIO

## FOGAR PARA ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN

OLA! EU SON DINA, A DONA DESTE REFUXIO, SEI BASTANTES COUSAS SOBRE AS ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN. ASÍ QUE, AMOSAREIVOS A SITUACIÓN DALGUNHAS DAS ESPECIES QUE ESTÁN EN PERIGO ACTUALMENTE.

BOAS NOITES!

EI, VINDE XOGAR! XA ESTÁ AQUÍ SARELA, A PÍTEGA RABILONGA. VISÍTALLE CADA NOITE E ENCANTALLE XOGAR Á PITA.



SARELA VIVE EN PEQUENOS REGATOS CON POUCA CORRENTE, ENTRE FENTOS E MUSGO. DURANTE O DÍA PREFERE AGOCHARSE ENTRE RAÍCES OU DEBAIXO DAS PEDRAS. A SÚA PEL É MOI LISA, ESCURA E RELUCENTE.

BEN! CONSEGUINO, XA A TÊN... OUCH!

E TAMÉN SON UNHA PERFECTA NADADORA. DE MEDALLA DE OURO!

ESTE É O MEU BARRO, TROMPI!

NOS DÍAS MÁIS CALOROSOS, GÚSTALLE CUBRIRSE DE BARRO COMO AOS ELEFANTES.


AS PÍTEGAS RABILONGAS SOMOS UNS DOS ANIMAIS MÁIS ANTIGOS DO PLANETA.

COMO VEDES, É UN ANIMAL ASOMBROSO! PERO A CONTAMINACIÓN, AS CENTRAIS ELÉCTRICAS E ACCIÓN DOS SERES HUMANOS ESTÁN A FACELA DESAPARECER.

IGUAL QUE TODOS OS ANIMAIS QUE COÑECISTES NESTE REFUXIO, A SALVACIÓN DE SARELA DEPENDE DE VÓS E DO VOSO RESPECTO POLA NATUREZA. COIDADÉA!

O RABO DE SARELA É LONGUÍSIMO. CASE TODO O SEU CORPO É RABO! E ALGO MOI CURIOSO É QUE PODE DESPRENDERSE DEL SE A ATACAN. DESTA MANEIRA, MENTRES O RABO SE MOVE PARA ENTRETER O INIMIGO, ELA PODE FUXIR. E DESPOIS VÓLVELLE MEDRAR!

EQVÍPO SAURIO



## Un cadelo quente

Seica foi un carnicero alemán, de Frankfurt, emigrante en New York, quen inventou o *hot-dog*. No paso do século XIX ao XX, en New York había emigrantes de todo o mundo: alemáns, irlandeses, italianos, polacos, rusos, checos, húngaros e, naturalmente, galegos.

Polo visto, o carnicero alemán vendía salchichas quentes na rúa e, para que os seus clientes non queimasen as mans ao

comelas, ocorréuselle metelas nun bolo de pan. A idea tivo un éxito sensacional e o carnicero vendeu millares de *hot-dog* ou cadelos quentes polos campos de béisbol e as praias. O nome deberon poñerllo por parecerse o bocadillo a un Dachshund ou can salchicha.

### Busca polo estadio:

**Luva.** Peza do vestiario que cobre a man. Esta, grande e de coiro, úsase no béisbol para coller a pelota.

**Bóla.** A de béisbol é unha esfera de cortiza envolta por fíos de al-

godón, cuberta toda de coiro cosido a man. Pesa 142 g. exactos.

**Can.** Este é un Dachshund, tamén coñecido como can salchicha.

**Miñoca.** (*Arenicola marina*) Anélido que habita os areais e esteiros, onde escava galerías.

**Sufraxista.** Muller que exixía a concesión do voto feminino. Nos EUA as mulleres non puideron votar até 1920.

**Xamón York.** Xamón cocido, orixinario da cidade inglesa de York, non da cidade de New York.

**Blutwurst.** Morcela alemá, feita cunha mestura de sangue de porco con outros ingredientes.

**Salame.** Salchichón italiano.

**Choulán.** Embutido galego feito coas vísceras do porco que non serven para o chourizo.

**Síux.** Indio de América do Norte. Na fin do século XIX os síux foron derrotados polo exército dos EUA e levados a reservas.

SOLUCIÓNS: luva (2G); bóla (8C); can (3,4EF); miñoca (1B); sufraxista (7,8F); xamón York (3B); blutwurst (5F); salame (7,8H); choulán (4G); síux (6E)

**BREVE HISTORIA DOS VIDEOXOGOS**

**NOS ANOS 50 DO SÉCULO PASADO CREOUSE OXO, UN XOGO PARA BOTAR UNHA PARTIDA DE 3 EN RAIA CONTRA A MÁQUINA...**

**...TAMÉN O TENNIS FOR TWO, NO QUE DÚAS PERSOAS PODÍAN COMPETIR ENTRE ELAS. OS DOUS XOGOS DEPENDÍAN DE ENORMES COMPUTADORAS...**

**«EN 1986, CON MÁIS DE 700 ESCENAS E 90 HORAS DE XOGO, THE LEGEND OF ZELDA INFLUÍU NO CAMBIO DE MENTALIDADE DO PÚBLICO, QUE ATA ENTÓN PERCI-BÍA AS CONSOLAS COMO XOCUE-TES PARA PASAR O TEMPO.»**

REVISTA COMPUTER GAMING WORLD

**...OS VIDEOXOGOS NON CHEGARON AO GRAN PÚBLICO ATA 20 ANOS MÁIS TARDE, COA APARICIÓN DAS PRIMEIRAS VIDEOCONSOLAS FAMILIARES E DAS MÁQUINAS DE ARCADE...**

**NON DOU COLLIDO ESE FONTANEIRO!**

**NOS 80, A RIVALIDADE ENTRE AS COMPAÑÍAS DE VIDEOXOGOS NINTENDO E SEGA IMPULSA UNHA CONTINUA EVOLUCIÓN, NON SÓ TÉCNICA...**

**... TAMÉN CREATIVA! O POTENCIAL NARRATIVO E ARTÍSTICO DA DÉCIMA ARTE DESÁTASE!**

**... A INTERACTIVIDADE ENTRE O XOGADOR E O VIDEOXOGO AUMENTA! A SENSACIÓN DE PARTICIPAR COMO UN PROTAGONISTA MÁIS DO XOGO E NON SÓ COMO UN ESPECTADOR É CADA VEZ MAIOR...**

**... EN 1992 INVÉN-TÁSE O CHIP SUPER FX QUE PERMITE MOVERSE CARA A ADIANTE E CARA A ATRÁS NA PANTALLA. ATA ESE MOMENTO SÓ PODÍAMOS MOVERNOS Á ESQUERDA, DEREITA, ARRIBA E ABAIXO.**

**A EVOLUCIÓN DA INTERACTIVIDADE DOS VIDEOXOGOS TAMÉN VAI LIGADA Á EVOLUCIÓN DOS MANDOS. MOITO CAMBIARON DESDE OS PRIMITIVOS JOYSTICKS DUN SÓ BOTÓN!**

**... A COMEZOS DO S. XXI, COA CHEGADA DA INTERNET, OS VIDEOXOGOS DEIXAN DE SER UNHA FORMA DE ENTRETENIMENTO, PRINCIPALMENTE INDIVIDUAL, PARA CONVERTERSE NUNHA OPCIÓN DE OCIO EN GRUPO...**

**... A CONECTIVIDADE ENTRE USUARIOS A TRAVÉS DE VIDEOXOGOS EN LÍNEA E A TENDENCIA AOS XOGOS SOCIAIS FORON FACTORES DECISIVOS PARA O CAMBIO.**

**... EN 2016 DECENAS DE MILLÓNS DE XOGADORES LANZÁRONSE COS SEUS MÓBILES XOGAR AO POKEMON GO NO MUNDO REAL GRAZAS Á REALIDADE AUMENTADA.**

**... NA ACTUALIDADE A REALIDADE VIRTUAL PERMITE ÁS PERSOAS QUE DESEÑAN VIDEOXOGOS LEVAR AÍND A MÁIS ALÓ OS LÍMITES DA INTERACTIVIDADE!**



# OS LUMENS

Unha historia de Dario Vilas  
**NA CHAIRA**




**M**entres os membros dos Lumens ao completo xogaban na chaira, **BRAIS** observábas desde a distancia, oculto tras unhas sebes. Quería achegarse, darlle as grazas a Mariola por sacalo dun pesadelo a noite anterior e, se lograba conter o seu orgullo e reunir valor, pedir-lles formar parte do seu grupo. O que sempre desexara, aínda que non fose capaz de recoñecelo ata o de agora.

Apertaba o paso, como se dar-se conta de que tiña unha presa ao alcance lle dese folgos. Ou lle abriu o apetito, veulle á cabeza de súpeto a Brais. Un pensamento terrible, pero era a mesma sensación que tivera na clase; que o profesor quería comelos. Tamén Mariola, Xurxo, Uxía e Tristán déronse conta de que o profesor estaba alí e ía directo cara a Brais, así que, puxéronse en marcha como se sempre estivesen preparados para unha situación como aquela. Coñecíanse ben.

Uxía serpeou como unha becha para tentar distraer a atención do profesor. Xurxo comezou a gritar e facer espaventos, ao mesmo tempo que Tristán corría cara a Brais para botarlle unha man se era necesario. Mariola, pola súa banda, pechou os ollos e apertou as pálpebras coma se estivese moi concentrada. Á mente de Brais chegou a voz da súa nova amiga, como un rumor moi afastado pero claro: «CORRE!»

E fíxoo. Claro que o fixo. Con todo, a présa e o medo xogáronlle unha mala pasada, ao non fixarse nunha fochanca sobre o terreo da chaira. **TROPEZOU** e caeu de bruços. O profesor abalanzouse sobre Brais e lanzoulle un bocado. Por sorte, o mozo revolveuse a tempo e puido poñer a man diante, apertada nun puño. Non se librou da dentada, pero polo menos así foi moito máis leve. De súpeto, o home saíu despedido cara a atrás, como impulsado por unha forza invisible.




ABRAHAM CARREIRO

Brais levantouse, apavado, e viu que Tristán estaba plantado fronte ao profesor, coas palmas das mans estendidas. Non tiña nin idea de que acababa de facer, pero non era a primeira vez que lle daba a impresión de que o seu compañeiro usaba algo parecido a un poder telepático.

Desde logo, pertencer aos Lumens tiña que ser o máis guai do mundo. Mentres pensaba isto, Brais empezou a marearse. De fondo, antes de perder o coñecemento, escoitou a voz de Mariola. —Mordeulle na man! Temos que levarlo ao hospital!

# CONSTRUÍNDO CON LUPO


ARQUITECTURA PARA XENTE MIÚDA





## ÓRBITA


Suquei océanos e  
atrasei xunglas para  
chegar ata aquí, e por  
fin teño acceso a unha  
fonte eléctrica.




Se reconduzo  
a **corrente** cara  
á miña nave,  
poderei restaurar  
o sistema.




Oh, non!  
A reacción  
é demasiado  
feble!



Xamais poderei  
extraer enerxía  
dabondo para  
volver ao meu  
planeta!



**FUNCIONA!**



Non sei como o soubeches,  
mais un cortocircuíto é  
xusto o que precisaba.  
**Grazas, amigo!**

**WOOF  
WOOF**

